

Oposición

2025

Todo o que
hai que
saber

OPORTUNIDADE DE EMPREGO
CONVOCATORIA DE OPOSICIÓN PARA O EMPREGO DE
PROFESORES
CÓDIGO: MESTRES
ÁREA: EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA, EDUCACIÓN DE ADULTOS, EDUCACIÓN DE JÓVENES, EDUCACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL, EDUCACIÓN DE FORMACIÓN TECNOLÓXICA
TRIBUNAL N.º 7

*A CIG-Ensino
deséxache moita
sorte e animate
a loitar por un
ensino público
galego de calidade*



Oposicións 2025. A información máis importante

O que necesitas saber se aprobas a oposición

Prazo	2 días hábiles desde o seguinte ao da publicación da relación de persoas aprobadas polos tribunais (non contan festivos nin sábados nin domingos) para cubrir a solicitud no concurso de adxudicación de destinos provisionais (CADP) para o curso 2025/26, aínda que xa a cubriras como persoal interino ou substituto.
Instancias	A solicitud terás que facela a través da aplicación CADP na web da Consellaría (https://www.edu.xunta.gal/cadp/) e rexístrala na sede electrónica da Xunta (https://sede.xunta.gal/). Se non dispós dela, é preciso abrir unha conta de correo no portal edu.xunta.gal que debes solicitar á UAC (Unidade de Atención a Centros) no teléfono 881997701 ou no email uac@edu.xunta.gal.
Prazas	Só poderás solicitar prazas da especialidade pola que aprobes a oposición e, no corpo de mestras, prazas de orientación coa titulación correspondente.
Documentación	No prazo de 20 días hábiles após a publicación no DOG das listas de persoas aprobadas deberás presentar por medios electrónicos e dirixidos á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos os seguintes documentos: certificado médico, declaración responsábel e certificado de non ter antecedentes por delitos sexuais ou, neste caso, autorización para a súa consulta.
Toma de posesión	A toma de posesión faise no centro no que obteñas destino. A data da toma de posesión será o 1 de setembro. Desde o centro remitirán a documentación á Xefatura Territorial correspondente.
Muface	Unha vez que recibas o nomeamento de funcionaria ou funcionario en prácticas terás que darte de alta en MUFACE (mutualidade obrigatoria para o funcionariado de carreira). Podes facelo a través da súa web . Terás que optar pola prestación sanitaria pública ou privada, decisión que podes cambiar nos meses de xaneiro e xuño de cada ano.

E se non aprobas?

Se aprobaches a fase de oposición pero non obtiveches praza entrarás na listaxe de persoal substituto da especialidade á que te presentaches a continuación do profesorado interino e substituto con posto consolidado que xa forma parte dela.

Se non aprobaches a fase de oposición tamén poderás entrar nesa listaxe sempre que teñas a titulación académica correspondente a esa especialidade, que aparece na orde que regula as titulacións para quedar en listas neste suposto e que podes consultar na nosa web



Acumulación da promoción interna

A Xunta non tomou ningunha medida para cambiar a Lei 2/2015 de emprego público de Galiza que impide que se acumulen as prazas de promoción interna desertas ás prazas de ingreso.

Desde o ano 2017 quedaron desertas un total de 1306 prazas. Por lei hai que reservar un 25% das prazas do subgrupo A1 para promoción interna desde o subgrupo A2. Desde hai máis dunha década a inmensa maioría das prazas do paso de A2-A1 quedan desertas. O principal motivo é que non existe demanda: na maioría das especialidade preséntanse menos aspirantes que prazas

se convocan. No ano 2024 quedaron ao final do proceso desertas un 82% das prazas.

A CIG-Ensino propuxo desde hai anos unha alternativa que a Consellaría non atende porque non ten ningún tipo de interese en que aumente o número de aspirantes con praza: acumular as prazas para as que non hai persoas candidatas. Así poderían sumarse este ano **unhas 180 prazas** ás de ingreso libre. A maiores, isto podería incentivar un cambio nos tribunais e que a CIG-Ensino considera necesario: non estaren condicionados polas prazas que lles corresponden, podendo aprobar máis opositores que prazas.

Non se crearán novos postos de traballo nin se reducirá a temporalidade tras estas oposicións

A tendencia na caída de prazas nas oposicións docentes confirmouse novamente na oferta aprobada polo Consello da Xunta e comunicada, NON NEGOCIADA, coa representación sindical do profesorado na Mesa Sectorial.

A cifra total de prazas vinculadas coa taxa de reposición (xubilacións, defuncións, excedencias, traslados fóra de Galiza) é de **1.356**, unha cantidade que non se pode superar pola imposición dunha normativa estatal que os diferentes gobernos españois aplican no ámbito educativo desde 2010 e que a CIG-Ensino leva denunciando como o principal problema á hora de impedir estabilizar emprego temporal.

Durante este anos producíronse diferentes acordos sindicais no ámbito estatal, sempre coa oposición frontal da CIGEnsino, que aceptaban a taxa de reposición ou que mesmo daban por boa unha cláusula para non poder **incrementar o número de profesorado xa existente como resultados das oposicións**.

A realidade por detrás da propaganda

- A oferta é a máis baixa desde 2018. Non haberá ningún incremento de postos de traballo.

- Non se recuperan as 1279 prazas que se podían ter ofertado no ano 2022. Nese ano (no que tiveron lugar os procesos extraordinarios de estabilización) a Consellaría negouse a publicar



unha OPE con esas prazas e acumulalas ás do 2023 como lle demandou a CIG-Ensino.

- Tendo en conta a evolución das prazas desertas nas oposicións de ingreso libre dos últimos anos (no 2024 quedaron desertas perto do 80% das prazas da quenda de discapacidade e un 11,5% nas da quenda libre) **é moi probábel que a cifra total de persoas aprobadas polo sistema de ingreso non chegue ás 1.200.**

A Consellaría oculta información

A Consellaría non proporcionou con anterioridade á Mesa Sectorial nin na propia reunión datos que foron solicitados reiteradamente pola CIGEnsino e que permitirían fiscalizar as decisións que a administración toma á hora de decidir o reparto das prazas por especialidade. Así:

- Non informa das xubilacións do profesorado por especialidades, polo que non se pode saber se está ofertando

prazas nas que se xubila o profesorado ou non.

- Non presenta un estudo das prazas estruturais. Está é unha cuestión fundamental á hora de determinar as necesidades docentes, tanto no presente como a curto prazo. Un informe da CIG-Ensino ten detectado **3.200 prazas cubertas (mesmo centro, mesma especialidade) con destino provisional nos últimos catro cursos** (desde o curso 21/22). Sabemos que unha parte destas prazas non son estruturais por diferentes motivos (titulares que non as ocupan por teren liberación sindical, estar en comisión de servizos en asesorías, seren cargos públicos ou pola redución de cargos directivos), mais é obvio que **a maioría si o son.**

A información que se comprometeu a dar a Consellaría e non deu é precisamente cantas son as estruturais: así poderíamos determinar con exactitude cantas prazas se deberían ofertar nas oposicións.

Comisións de servizo de conciliación

Se aprobas o proceso selectivo e tes fillos ou fillas nas idades indicadas na normativa podes solicitar, **no mesmo prazo dos 2 días hábiles de solicitude de destino**, unha comisión de servizos por conciliación. Para iso terás que facer unha instancia a maiores da ordinaria e incluír, como mínimo, os centros que estean no radio de 20 km arredor do teu domicilio. Isto implica que obterías destino por riba do resto das persoas que aprobaron esta oposición na túa especialidade. Tes toda a información aquí:



Información de interese para o profesorado interino e substituto

Todo o profesorado interino e substituto que traballara ou teña consolidado posto nalguna lista no curso 2024/2025 ten que **pedir praza para o curso 2024/25 mediante a aplicación do CADP**: <https://www.edu.xunta.gal/cadp/>. O prazo virá indicado na Resolución pola que se convoque este Concurso de Adjudicación de Destinos Provisionais no DOG.

Se non queres facer ningún cambio na petición do curso actual non necesitas volver rexistrala neste curso, sendo válida a última que teñas presentada a todos os efectos.

IMPORTANTE: Rexistro telemático obrigatorio da instancia

Se consolidaches posto nunha ou varias listas tes a obriga de presentar e rexistrar a instancia como mínimo nunha delas. Non o facer implica a exclusión de todas as listas nas que esteas.

- Só podes solicitar prazas da **especialidade** correspondente á lista ou listas nas que consolidas posto. Se pertences ao corpo de mestras tamén podes pedir prazas de Primaria se tiveches algunha interinidade ou substitución antes do 31 de agosto de 2008.
- Para pedir **praza bilingüe** esíxese que na base de datos persoais estea acreditado que dispós do nivel B2 do marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL) no idioma correspondente.
- **Provincias na solicitude de petición de destinos.** Marcar provincia na solicitude non quere dicir que optes a esas provincias para as substitucións durante o curso se non obtés interinidade.

Marcar provincia implicará que, se non obtés destino en ningún dos centros ou localidades solicitados expresamente, aceptas que che **adxudiquen de oficio** en calquera centro desa provincia (incluíndo prazas con afíns e itinerantes, agás que expresamente sinalas o contrario).

- **Renuncias á resolución provisional do concurso.** Podes renunciar ao destino que che deron se estás nalgún dos casos que figuran no artigo 39 da orde do CADP:



A renuncia debes facela dentro do prazo fixado aínda que non che adxudiquen praza na resolución provisional. De non facelo e, logo, serche adxudicada praza na resolución definitiva non

poderás renunciar (agás causa xustificada que sexa sobrevida ao prazo de renuncia).

- **Se non acadas interinidade poderán chamarte despois para substitucións.** Neste caso tamén terás opción, no prazo do 15 de xuño ao 15 de xullo, de seleccionar a provincia ou provincias onde desexes realizar substitucións a través da aplicación www.edu.xunta.gal/substitutos. A solicitude terá efectos durante todo o curso académico. Non se precisa ningún requisito para limitar as provincias. No caso de non efectuar opción enténdese que optas por prestar servizos en toda Galiza.
- **Limitación de concellos nos que facer substitucións.** Polos mesmos motivos polos que se pode renunciar, podes limitar os concellos nos que queiras facer substitucións. O prazo é do 15 de xuño ao 15 de xullo e tes que solicitalo na mesma aplicación que para restrinxir por provincias.

- **Prazos de reclamacións e renuncias:** Fíxanse na resolución que convoca anualmente a solicitude de destinos provisionais.
- **Excedencias.** O profesorado interino ten dereito a solicitar excedencia por coidado de familiares a cargo e por violencia de xénero e computa a todos os efectos. Se estás nesta situación deberás participar na convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na túa situación. De obteres destino terás que renovar a solicitude de excedencia. Senón, decaes da situación de excedencia ao rematares o contrato.
- **Baixa médica e toma de posesión do profesorado interino.** Se te atopas de baixa (IT) non poderás tomar posesión da praza adxudicada no CADP e reservarásche o posto até que che dean a alta médica, mais non computa como tempo traballado.

Polo tanto, se che adxudican vacante definitiva no concurso de destinos provisionais e estás de baixa médica comunica esta situación tanto ao centro adxudicado como á Dirección Territorial correspondente para que te substitúan mentres dure esa situación.

- **Presentación de varias solicitudes.** O persoal interino e substituto do corpo de PES ou PESSFP que figure en máis de unha lista pode solicitar praza por todas as especialidades que posúe cubrindo unha instancia para cada unha delas, sen prexuízo de que poida renunciar á solicitude dalgunha ou de varias delas durante o prazo de reclamacións á resolución

provisional. No caso do corpo de mestras a solicitude de varias especialidades faise nunha única instancia.

- **A adxudicación de destino** realízase por unha **orde prioritaria de corpos e de códigos de especialidade** fixada na convocatoria do CADP. No caso de che adxudicaren praza nun corpo ou nunha especialidade determinada, retírase a solicitude da outra ou das outras especialidades.

ORDE DE ADXUDICACIÓN POR CORPOS:

- 1.- Inspección educativa
- 2.- Mestras/es
- 3.- Cátedras e profesorado de EOI
- 4.- Cátedras e profesorado de Artes Plásticas e Deseño
- 5.- Mestres/as de Taller de ART
- 6.- Cátedras de Música e Artes Escénicas (CMUS)
- 7.- Profesorado de Música e AA.EE. (CMUS)
- 8.- Cátedras e profesorado de Ensino Secundario (PES)
- 9.- Profesorado Especialista de Sectores singulares da FP

EN GALEGO

Como docente con compromiso co noso idioma chamamos a túa atención sobre a importancia de que o galego sexa a lingua do ensino.

IMPORTE AS TÚAS AULAS EN GALEGO

É o único xeito de garantir que o noso idioma continúe vivo e sexa unha lingua de futuro.

EN GALEGO, DÍA A DÍA.

Permisos por nacemento, adopción ou acollemento.

- 1.- **Persoal que estea prestando servizos:** se estás gozando do permiso por nacemento, adopción ou acollemento non poderás tomar posesión e reservarásche o posto mentres dure o permiso. Ese tempo de reserva computará como tempo traballado a efectos administrativos. Comunica esta situación tanto ao centro adxudicado como á Dirección Territorial correspondente.
- 2.- **Persoal que non estea prestando servizos.** Se reúnes os requisitos para estar gozando do permiso por parto, nacemento, adopción ou acollemento e che adxudican unha praza na resolución definitiva no concurso, tomarás posesión coa finalidade de que os servizos que che correspondería prestar che sexan recoñecidos para os efectos administrativos e serás substituído/a mentres dure o permiso. Para a toma de posesión contacta coa Xefatura Territorial.

AFÍLIATE

Para calquera consulta no proceso de oposicións ou para máis información sobre tipoloxía dos centros, lexislación educativa, sistema de adxudicación de vacantes, trámites para cubrir as instancias, prazos, MUFACE, participación no CXT, funcionamento das listaxes de substitución, dereitos laborais e salariais... podes consultar a nosa páxina www.cig-ensino.gal, chamarnos por teléfono e/ou pasar polos nosos locais.

Comparativa entre prazas convocadas, persoal interino e funcionariado de carreira próximo á xubilación por especialidades

A CIG-Ensino sempre defendeu que os datos do número de persoal interino e a porcentaxe que representa en cada especialidade, así como o número de funcionariado de carreira que está próximo á idade de xubilación, se tiñan que ter en conta á hora de convocar as ofertas de emprego. A preocupación do sindicato pasa porque se intente equilibrar tanto a proporción global de persoal interino como a porcentaxe sobre o total de profesorado de cada especialidade, tendo en conta as súas particularidades, dado que nas minoritarias unha ampla oferta pode poñer en risco o traballo do persol temporal.

Porén, hai outra variábel que a Consellaría tampouco tivo en conta, que é a idade do actual funcionariado de carreira nas distintas especialidades. Se se toman en consideración estes datos, que tamén analizou polo miúdo a CIG-Ensino, **había marxe para convocar máis prazas** sobre todo en especialidades do corpo de mestras e nas máis maioritarias de Secundaria, tal e como se pode comprobar nas seguintes táboas, nas que só se inclúe o número de profesorado fixo que ten máis de 60 anos, a idade de xubilación anticipada á que aínda se pode acoller quen aprobou a oposición antes de 2011.

Por operatividade, a continuación achéganse os datos só das especialidades que se convocan este ano pero se tes interese en coñecer os que non aparecen aquí ponte en contacto co local de referencia do sindicato que chos facilitará.

PRAZAS DE INGRESO NAS OPOSICIÓNS 2025

Código	Nome	Prazas totais (Discapacidade + Libres)	% oferta sobre interinidades	Persoal interino 1 outub.	Funcion. carreira > 60 anos
597031	Educación Infantil	79	57,2%	138	139
597032	Idioma Estranxeiro. Inglés	53	57,6%	92	61
597033	Idioma Estranxeiro. Francés	32	50,8%	63	36
597034	Educación Física	26	63,4%	41	54
597035	Música	21	55,3%	38	36
597036	Pedagogía Terapéutica	40	41,7%	96	153
59703	Audición E Linguaxe	53	48,6%	109	32
597038	Primaria	122	58,4%	209	400
598001	Cociña e Pastelaría	17	56,7%	30	8
598002	Estética	5	35,7%	14	5
598004	Mantemento de Vehículos	19	57,6%	33	29
598005	Mecanizado e Mantemento de Máq.	15	88,2%	17	9
598006	Patronaxe e Confección	5	55,6%	9	1
598007	Peiteado	7	58,3%	12	11
598008	Producción de artes gráficas	5	71,4%	7	2
598009	Servicios de restauración	7	38,9%	18	7

Código	Nome	Prazas totais (discapacidade +libres)	% oferta sobre interinidades	Persoal interino	Funcion. carreira > 60 anos
590001	Filosofía	22	55%	40	56
590002	Grego	5	62,5%	8	15
590004	Lingua Castelá e Literatura	40	61,5%	65	86
590005	Xeografía e Historia	40	58%	69	118
590006	Matemáticas	51	57,3%	89	103
590007	Física e Química	31	55,4%	56	78
590008	Bioloxía e Xeoloxía	25	59,5%	42	101
590011	Inglés	104	51,5%	202	86
590015	Portugués	5	62,5%	8	0
590017	Educación Física	43	60,6%	71	20
590018	Orientación Educativa	15	57,7%	26	40
590019	Tecnoloxía	58	73,4%	79	42
590053	Lingua e Literatura Galega	77	59,7%	129	84
590061	Economía	26	49,1%	53	16
590101	Administración de empresas	10	25,6%	39	36
590104	Construcións civís e Edificación	8	30,8%	26	10
590105	Formación e Orientación Laboral	45	52,9%	85	28
590106	Hostalaría e Turismo	10	34,5%	29	8
590107	Informática	62	84,9%	73	17
590110	Organización e Xestión Comercial	20	57,1%	35	3
590112	Organización e Proxectos de Fabricac.	10	32,3%	31	12
590116	Procesos na Industria Alimentaria	10	47,6%	21	4
590117	Procesos Diagnósticos Clínicos e Prod.	10	55,6%	18	15
590118	Procesos Sanitarios	10	45,5%	22	8
590119	Procesos e Medios de Comunicación	10	71,4%	14	2
590124	Sistemas Electrónicos	10	90,9%	11	14
590125	Sistemas Electrotécnicos e Automát.	15	100%	15	6
590206	Instalacións Electrotécnicas	20	74,1%	27	22
590212	Oficina de Proxectos de Construción	8	36,4%	22	4
590222	Procesos de Xestión Administrativa	26	53,1%	49	54
590225	Servizos á Comunidade	10	47,6%	21	4
590227	Sistemas e Aplicacións Informáticas	62	79,5%	78	9
590231	Equipamentos Electrónicos	20	74,1%	27	20

Fase de prácticas

Unha vez aprobes a Consellaría de Educación nomearase funcionaria ou funcionario en prácticas e destinarase a un centro de ensino para a realización da fase de prácticas. No DOG da convocatoria de oposicións atópanse as indicacións para a súa realización, que resumimos no seguinte cadro:

Inicio	O 1 de setembro
Duración	Catro meses
Titoría	Un profesor ou profesora do mesmo corpo e, preferentemente, da mesma especialidade, designada pola Comisión cualificadora da provincia.
Funcións da titoría	Asesorar, informar e avaliar o profesor ou profesora en prácticas. Emitirá informe final para remitilo á Comisión cualificadora.
Actividades de formación	Realización dun curso de formación en lingua galega de 20 horas de duración e un curso en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero para a obtención do nivel básico de coñecemento regulado no Decreto 70/2017, tamén de 20 horas e unhas xornadas “formativas” sobre coñecemento da administración galega.
Informe - Memoria final	O profesorado en prácticas deberá elaborar un informe-memoria final que entregará ao remate da fase de prácticas á Comisión cualificadora.
Avaliación	As prácticas serán avaliadas por unha comisión provincial constituída pola xefa ou xefe da inspección provincial, que ocupará a presidencia; dous membros da inspección educativa e dúas directoras ou directores de centros designados pola xefa ou xefe territorial. Téñense en conta os informes emitidos pola persoa titora, a dirección do centro, o persoal responsábel das actividades de formación e, se é o caso, o inspector ou inspectora responsábel do centro e do informe presentado pola persoa aspirante. O xefe ou xefa da Inspección, en caso de informe desfavorábel, poderá establecer que a inspección do centro visite e avalíe na aula as aptitudes didácticas do profesorado en prácticas. Cualificaranse como aptas ou non aptas.
Cualificación de NON APTO	O persoal non apto poderá repetir a fase de prácticas no curso seguinte. O persoal que non se incorpore ou suspenda por segunda vez perderá todos os dereitos.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal